

**IV.- 2: EDUCACIÓN A DISTANCIA  
E LABORAL DE ADULTOS**

A ORIENTACIÓN EDUCATIVA INTEGRADA NO CURRÍCULUM:  
UNHA EXPERIENCIA NA ÁREA DE LINGUA  
NO ENSINO A DISTANCIA

*Rosa María Cazón Fernández*  
*María Jesús Fernández Fernández*  
*María Soledad Puente de Montoya*  
C.E.G.E.B.A.D. - A Coruña

O equipo da área de Lingua do Centro Galego de Educación Básica a Distancia (C.E.G.E.B.A.D.), vén desenvolvendo dous programas de Orientación educativa integrados no currículo que pretenden solucionar as deficiencias que os/as adultos/as alumnos/as atopan ó volver estudar.

Antes de expoñer a nosa experiencia, queremos facer unha pequena reflexión sobre a Orientación Educativa e as súas posibilidades de aplicación no Ensino de Persoas Adultas. Comezaremos primeiro por defini-lo termo.

Orientar é:

- Educar para a vida.
- Asesorar sobre opcións alternativas.
- Educar na capacidade de tomar decisións.
- Capacitar para a propia aprendizaxe.

A Orientación educativa vai se-lo proceso de axuda ó/á alumno/a dirixido á consecución dos fins que acabamos de sinalar. Este proceso de axuda adquire un perfil peculiar cando vai dirixido a persoas adultas que por diversas circunstancias non obtiveron no seu momento unha titulación básica na escola.

-Orientación para o desenvolvemento persoal, destinada a detectar e resolver aquelas posibles dificultades da aprendizaxe que as/os alumnas/os veñen "arrastrando" dende a súa escolaridade obrigatoria. Este tipo de actuación faise apremiante para aqueles alumnos/as de idades comprendidas entre os dezaseis e vintecinco anos, que son alumnos/as ós que a escola non se soubo adaptar. Se non se detecta cal foi a posible causa do seu "fracaso escolar", este volverase repetir cunha actuación meramente académica.

-Orientación destinada ó desenvolvemento de habilidades e métodos de estudio e de traballo: é necesario potencia-lo dominio das estratexias que permitan ás/ós alumnas/os estudar e traballar dunha maneira rápida e eficaz.

-Orientación académico-profesional, impulsando non só a información sobre as posibles saídas académicas e profesionais ó final da Educación Básica senón tamén ó dominio das técnicas básicas de busca de emprego, coñecemento de mundo laboral etc. Unha Orientación axeitada na toma de decisións axudará a/o alumna/o a elixi-lo rumbo que tomará ó finaliza-los seus estudos.

Estes tres tipos de intervención orientadora deberíanse facer a través do profesor/a tutor/a, que tería que estar asesorado por persoal cualificado que coordinaría as actuacións dos distintos centros de EA.

#### **A ORIENTACIÓN EDUCATIVA INTEGRADA NO CURRÍCULUM**

Outra das vías para "levar-la" Orientación Educativa ó ámbito da Educación das persoas adultas é integrar programas orientadores dentro do propio currículo de Educación de Adultos/as.

Na presente exposición describimos unha experiencia deste tipo que foi desenvolvida ó longo destes dous últimos anos escolares e que agora estamos a inserir nas unidades didácticas de Lingua Castelá para o primeiro e segundo cursos de Educación Básica a Distancia.

Para desenvolver este tipo de programas incluídos dentro da Área de Lingua, abordamos primeiro cales eran as peculiaridades e necesidades do noso alumnado de Ensino a Distancia, do propio Centro e do contexto no que se ía desenvolver. Xa describimos, na anterior comunicación, cales eran esas características que definían a poboación á que dirixímo-la nosa actuación.

Cómpre agora subliñar-las necesidades básicas en canto á nosa área de actuación a Lingua:

-O Ensino a Distancia baséase fundamentalmente no **Código escrito**. É evidente que quen non domina e usa axeitadamente este código non pode acadar-lo éxito nos seus estudos. Esta carencia ocasiona a maioría dos abandonos, que constitúen unha das circunstancias máis graves coas que temos que nos enfrontar na nosa modalidade de ensino.

-A metodoloxía da Educación de Adultos a Distancia baséase, así mesmo, no *autoaprendizaxe*. Para isto, as alumnas/os deben dominar as estratexias de estudo e de traballo que lles permitan "aprender a aprender". A maioría do alumnado non posúe estas estratexias, ben porque as esqueceu, ben porque nunca as puideron aprender.

Estas dúas aptitudes e habilidades básicas complementáanse e son indispensables para poder desenvolverse no ámbito escolar e na vida.

## DOUS PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN

Unha vez coñecidas estas necesidades deseñamos dous programas de intervención integrados na área de Lingua e que estaban destinados a "enmendar", na medida do posible, as carencias que antes sinalamos:

1.- Técnicas e Métodos de Estudio: uso e dominio de estratexias básicas de estudo e traballo.

2.- Técnicas de Lectura Eficaz: uso e dominio do código escrito.

### 1. Programa de Técnicas e Métodos de Estudio

Tendo en conta a voluntariedade da asistencia ás tutorías neste tipo de ensino, consideramos conveniente levar a cabo este programa con alumnos/as *voluntarios/as* pero impondo a condición de que a asistencia a el tiña que ser obrigatoria, porque é inviable o desenvolvemento destas técnicas se non se asiste a clase. É un programa progresivo e gradual.

Elixíronse 25 alumnos/as de entre as peticións presentadas. Todos son alumnos/as do 2º nivel (e último), porque os alumnos/as de primeiro aínda teñen tempo o ano seguinte para asistir a esta experiencia. Ademais, estes alumnos/as primeiro son introducidos en Técnicas de Lectura Eficaz nas tutorías de apoio de Lingua Española, e isto vai nos preparar para a aprendizaxe da *comprensión das ideas principais*, que é o núcleo do noso programa.

A idade media do grupo é de 38 anos. Hai 7 homes e 18 mulleres, a maioría amas de casa con fillos/as maiores. Hai tamén unha alta porcentaxe de divorciados que se están a enfrontar a unha nova situación de vida e están en expectativa de emprego remunerado.

Neste curso o idioma elixido foi o castelán, aínda que pouco a pouco pretendemos ir introducindo a Lingua Galega. As razóns desta elección foron as seguintes:

-A maioría dos alumnos son castelán-falantes. Isto coñecémolo pola nosa experiencia con eles, aínda que pretendemos facer un estudo máis profundo sobre esta cuestión o vindeiro ano, dentro das actividades do noso equipo de normalización lingüística.

-A dificultade de atopar textos periodísticos e divulgativos para traballa-lo método de comprensión da "idea principal", que expoñeremos máis adiante.

**A) Avaliación inicial e tipo de programa a aplicar**

Unha vez seleccionados/as os/as alumnos/as, aplicámo-lo "Cuestionario de Hábitos e Técnicas de Estudio" (CHTE) para coñece-la situación inicial da que partíamos.

Os resultados grupais denotaban un baixo ou nulo coñecemento das técnicas de estudio, unha escasa planificación do seu tempo de estudio e unha inexperiencia case total nas estratexias de elaboración de traballos escritos. Sen embargo había un alto interese polo estudio, cousa que era de esperar en alumnos/as adultos/as.

Partindo destas necesidades, elaboramos un programa dividido en dúas partes diferenciadas, que se complementan:

a) Instrucción directa na *comprensión das ideas principais*, seguindo as directrices que expón Baumann (1990) na súa obra *La comprensión Lectora*.

b) Hábitos de traballo en xeral, que complementan ó anterior así como ás Técnicas de Lectura Eficaz que os/as alumnos/as aprenden na Tutoría de apoio.

**B) Obxectivos:**

*Para a parte a:*

-Comprender con consistencia e precisión os distintos tipos de respostas "á idea principal" e ó "tema".

-Distingui-la información relevante da Secundaria.

-Selecciona-la ideas correctas e elaborar, ademais, as súas propias respostas.

-Facer xeralizacións tanto dun parágrafo como dun texto.

-Recoller información sobre a organización e a estrutura dun texto segundo o autor.

-Perfeccionar gradualmente os seus resultados: de textos sinxelos a textos máis complexos tanto expositivos como narrativos.

*Para a parte b:*

-Coñece-las condicións de traballo óptimas e rectifica-las deficiencias observadas.

-Elaborar un plan de estudos diario/semanal axeitado ás capacidades de cada un, así como ás súas circunstancias persoais e á dispoñibilidade do seu tempo.

-Coñecer e elabora-lo propio método de traballo e/ou estudio para unha maior eficacia no rendemento persoal.

-Interioriza-lo hábito de repasar diariamente os conceptos aprendidos.

-Domina-las estratexias de preparación de exámenes (a curto e longo prazo).

-Coñecer e aplicar diversas técnicas de memorización, así como as normas para evita-lo olvido.

-Practicar exercicios de relaxación segmentario que axuden a diminuí-la ansiedade e atención física e mental (factores importantes cara á concentración e o recordo).

### **C) Metodoloxía e contidos:**

#### *Para a parte a:*

Seguindo a estratexia de Baumann, son cinco os pasos que se repiten en cada sesión:

-Introducción: Explicase o contido e mailo obxectivo que imos tratar en cada sesión.

-Exemplo: Preséntaselles un exemplo do que se vai facer, indicando para que serve a tarefa e en que consiste.

-Ensinado directo: Paso a paso, vaise presentando, describindo e explicando cada unha das partes da tarefa que van realizar. Cóntase coa colaboración dos alumnos/as que van deducindo as respostas máis axeitadas ós problemas propostos.

-Aplicación grupal dirixida polo profesor.

-Práctica individual independente.

Para o desenvolvemento destas sesións de traballo contamos con dous ou tres grupos de textos semellantes.

Engadimos un sexto paso: a posta en común. Nela discútese e argumentase sobre as prácticas individuais e grupais.

Este método caracterízase por:

-O emprego de métodos heurísticos para utilizar e asimila-lo concepto e con iso chegar a aplicalo ata adquiri-la habilidade.

-Os alumnos/as non só seleccionan as respostas, senón tamén as xeran.

-Progresivamente pásase da instrucción na comprensión das ideas principais á elaboración de resúmenes e esquemas, isto é esencial.

#### *Para a parte b:*

Divídese a clase en grupos pequenos para debater cada un dos temas. Despois faise unha posta en común na que se resumen as cuestións acordadas en consenso. A profesora engade os aspectos que non xurdiron no debate.

### **Contidos:**

É preciso indicar que antes da aplicación deste método consideramos necesaria unha unificación terminolóxica: Definimos primeiro que é o *tema* (de que trata o texto) e que é a *idea principal* (que se di co tema). Elexímo-la terminoloxía de Baumann, que estimamos máis sinxela.

#### *Para a parte a:*

A idea principal en:

-Listas de palabras (campos semánticos).

-Frases.

-Parágrafos (explícita e implícita).

-Pasaxes breves (explícita e implícita).

-Pasaxes extensas (explícita e implícita).

-O resúmen, conxunción das ideas principais dun texto.

-O esquema.

*Para a parte b:*

- Condicións que debe ter o lugar de traballo e estudo para un maior rendemento.
- Condicións físicas e psíquicas para un estudo eficaz.
- O plano de estudo persoal: distribución e planificación do tempo de estudo segundo as características individuais.
- A memoria: O olvido. Os repasos. Técnicas auxiliares da memoria.
- Preparación de exames: a curto e a longo prazo. O exame escrito.
- A relaxación: exercicios de relaxación progresiva de Jacobson.

**D) Selección de textos:**

Os textos seleccionados para traballa-la parte a) comprenden unha serie de características:

- Lonxitude: variable, como xa dixemos, comezaremos con palabras (campos semánticos) ata chegar a pasaxes de extensión longa: vanse graduando progresivamente en lonxitude ata chegar a unhas mil ou mil cincocentas palabras.
- Estructura: Os textos serán expositivos (formativos e informativos), porque consideramos que son os máis sinxelas para iniciarse no "mundo" das ideas principais.
- Natureza: Empréganse basicamente texto periodísticos e textos de estudo que utilizan a cotío (de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais, sobre todo). Consideramos importantes seleccionar textos coñecidos polos alumnos/as, porque este factor, como indican moitos autores/as, inflúe para comprender un texto.

**D) Temporalización:**

O curso ten unha duración de 22 horas, unha hora á semana.

**E) Valoración:**

Aínda é moi cedo para poder emitir unha valoración desta experiencia, porque aínda non rematou. Proponémonos facer unha avaliación cualitativa de todo o proceso, que valore a adecuación e realización dos obxectivos, a través de:

- Un cuestionario no que o alumno valorará a eficacia do curso.
- Os resultados da observación feita "in situ" polas profesoras.
- A aplicación dunha proba obxectiva sobre a comprensión das ideas principais, na que se podan establecer comparacións entre resultados anteriores e posteriores á intervención.
- A análise dos produtos elaborados polos alumnos/as.

As profesoras do equipo de Lingua queremos sinala-las grandes dificultades coas que se atopan os alumnos para inferir a idea principal en textos longos, quizais debido ós malos hábitos adquiridos na súa etapa de escolaridade obrigatoria.

Con todo, o programa resulta gratificante e interesante para alumnos/as e profesoras, que estamos a incluílo dunha maneira sistemática nas Unidades Didácticas de Lingua Castelá.

## **2. Técnicas de Lectura Eficaz:**

Este programa estase a desenvolver, por segundo ano escolar consecutivo, nas tutorías de apoio de Lingua Española. A estas tutorías non hai compromiso de asistencia, coa conseguinte dificultade de valorar en conxunto un grupo tan variable.

As sesións adicadas a este programa son duns 20 minutos.

### **A) Obxectivos:**

- Desenvolve-la capacidade lectora.
- Desperta-lo gusto pola lectura.
- Corrixi-los defectos de lectura.

Ser un lector eficaz implica:

- Ler rapidamente.
- Comprender ben o que se le.
- Adapta-la velocidade e a comprensión ó tipo de texto e á intencionalidade.
- Recorda-lo lido.

A FACILIDADE LECTORA coa que o individuo se enfrenta a tódolos soportes textuais está intimamente relacionada co gusto pola lectura. Para propiciar esta facilidade lectora procuramos:

- Desfonetiza-la lectura, suprimindo os defectos de vocalización, labialización, subvocalización (Vibración das cordas vocais).
- Fomenta-la mobilidade visual, evitando os movementos de cabeza que acompañan ós movementos oculares.
- Fomenta-la ampliación do campo visual que abarca cada fixación.

### **B) Metodoloxía:**

Realizouse unha avaliación inicial do grupo e individual, mediante o test CLOZE de Comprensión Lectora (primeira parte). Esta proba mide o grao de comprensión que acadada un alumno/a, que, ademais de "comprende-lo texto", ten que pór en acción estratexias semánticas, morfosintácticas e de estilo. Con esta proba coñecemos ó grupo e as súas necesidades.

Ó empezo de cada trimestre pásase, así mesmo, unha proba de Eficacia Lectora. Ésta avalíase en función da velocidade e comprensión lectoras. Os resultados anótanse nunhas fichas individuais e entréganse ó/á alumno/a para que poda ir constatando os seus progresos segundo avanza o ano escolar.

Ó longo do curso realízanse unha serie de actividades destinadas a cumprirlos obxectivos antes citados e que pretenden desenvolver-la eficacia lectora das persoas adultas, así como adquirir gusto pola lectura.



Ó remate do curso volverase pasa-lo test CLOZE (2ª parte) para poder establecer comparacións entre o inicio e o final da intervención.

**C) Selección de textos:**

Empréganse textos completos de carácter formativo, informativo e literario. Textos motivadores de estrutura sinxela, cun número determinado de palabras (entre mil e mil cincocentas palabras).

**D) Tipo de actividades:**

*Exercicios de atención:*

Están destinados a esperta-la atención e favorece-la discriminación de conxuntos gráficos, enriquecendo o vocabulario e reforzando a aprendizaxe da ortografía:

- Palabras repetidas.
- Palabras parecidas.
- Palabras diferentes (dunha serie).
- Dameiros.
- Cruciletras.
- Xogos de habilidade visual.
- Xogos de lectura selectiva.

*Exercicios de vocabulario:*

- Letras desordenadas.
- Completar palabras.
- Atopar palabras.
- Sinónimos e antónimos.
- Encadeados.
- Sopa de letras.
- Crucigramas.
- Árbores de palabras.
- Inventar palabras.

*Exercicios de sintaxe e estilo:*

Tratan de desenvolve-la comprensión lectora e traballa-lo razoamento lingüístico reforzando a sintaxe.

- Textos con lagoas.
- Reconstrucción de textos.
- Ordenar un texto.
- Crebacabezas.
- Atopar erros ou enganos.
- Descubri-la frase pirata.
- Xogos de nomes, adxectivos e verbos.

*Exercicios de adestramento da memoria inmediata:*

Desenvolven a comprensión lectora e reforzan a memoria inmediata.

- Cuestionario de comprensión lectora.
- Memorización de palabras.
- Memorización de frases.

#### **E) Valoración:**

Como xa dixemos, atopámonos coa dificultade de valorar un grupo tan variable, pero individualmente cada alumno pode avalia-lo seu progreso mediante as fichas de eficacia lectora.

Hai un alto grao de aceptación do material elaborado para este programa, que eles vulgan entretido e gratificante.

A valoración final faise a través dos resultados das probas de Comprensión lectora do test CLOZE, que nos ofrece unha visión global dos progresos dos alumnos/as.

As profesoras consideramos que este programa fomenta a velocidade lectora, aínda que é limitado en canto a comprensión, xa que cada persoa constrúe o seu texto de acordo coas súas peculiaridades persoais. Os textos non teñen unha única lectura.

Resaltamos, así mesmo, as dificultades de elaboración do material, non só para a selección de textos, senón tamén no deseño de actividades: é un proxecto longo e custoso, que esixe un traballo en equipo e unha implicación activa do propio centro de ensino.

### **REFLEXIÓNS FINAIS**

Este é un tímido inicio de integración da Orientación Educativa no Ensino a Distancia. Pretendemos afondar máis nela, extendendo estes programas á totalidade do alumnado a través das Unidades de Lingua Castelá que este grupo está a elaborar. Incluímos tamén nelas un achegamento á Orientación Profesional a través das "Técnicas de busca de emprego" coa utilización da prensa e mediante o ensino da elaboración de documentos relacionados co mundo do traballo.

### **BIBLIOGRAFÍA**

1. ÁLVAREZ, M. et alii: *Métodos de estudio*. Martínez Roca. Barcelona. 1988.
2. BAUMANN, J. (ed): *La comprensión lectora*. Aprendizaje Visor. Madrid, 1990.
3. BRUNET, J.J.: *Cómo programar las técnicas de estudio en EGB*. San Pío X. Madrid.
4. BRUNET, J. e DÉFALQUE, A.: *Técnicas de Lectura Eficaz*. Bruño. Madrid. 1989.
5. CARNEY, T.H.: *Enseñanza de la comprensión lectora*. Morata MEC. Madrid.
6. M. E.C.: *Libro Blanco de la Educación de Adultos*. MEC. Madrid. 1986.
  - Ley Orgánica reguladora del Derecho a la Educación (LODE). MEC. Madrid. 1989.
  - Ley Orgánica del Sistema Educativo (LOGSE). MEC. Madrid. 1990.
7. SOBRADO, L.: *Intervención Psicopedagógica y Orientación Educativa*. PPU. Barcelona. 1990.

## EXEMPLO DUN ENSINO REGRADO DESEÑADO ESPECIALMENTE PARA ADULTOS: INGABAD

*Marta Prieto Sarro*  
*Celia González Reguerin*  
(Ferrol)

Na actualidade encontramos unha oferta no que poderíamos denominar o "mercado do ensino" que vai desde a exclusivamente presencial ata a concibida totalmente a distancia. Entre ambas hai ensinanzas que combinan presencialidade e distancia de maneiras diferentes dependendo das características dos grupos ós que van encamiñadas.

Son ofertas de ensino que, á parte de movérense entre os dous polos citados, van desde as regradas -impartidas por organismos estatais ou entidades autorizadas para iso- ata as que, organizadas por entidades privadas, non implican ningún título ou diploma que teña validez oficial.

Todos coñecemos exemplos desta clase. Abonda con pensar en alumnos de Ensino Xeral Básico dun colexio público, un aprendiz de ourivería con mestre artesán do oficio, alumnos dun centro de Ensino Medio ou, por último, alumnos da UNED. Os dous primeiros exemplos son sistemas exclusivamente presenciais e distínguense por seren o primeiro un ensino regrado oficial e o segundo nin unha cousa nin outra. O caso de alumnos de ensino medio presenta unha mestura de **presencialidade-distancia** e o alumno da UNED pode chegar a constituir un exemplo de ensino regrado a distancia na forma máis xenuína en que alumno e profesor poden non chegar a establecer comunicación presencial nunca.

Desde a nosa curta experiencia de profesoras do Instituto Galego de Bacharelato a Distancia (INGABAD) observamos dúas características principais nestes centros:

1.- Primeiro, o feito de que, con moito, a maioría do alumnado que integra a matrícula dos centros do INGABAD é un alumnado adulto. De feito, a condición de ter máis de 18 anos pódese entender coma condición "sine qua non", porque os supostos nos que os alumnos menores de 18 anos se poden matricular (como traballar, ter minusvalías ou carecer dun centro ó que ir na redonda da localidade de residencia) son para o caso inexistentes.

En xeral e ata o de agora -anque somos conscientes de que a situación empeza a cambiar- é un alumnado entre os 25 anos e os 45 que "no seu día" non deu accedido ó ensino secundario ou que o deixou por causas diversas.

2.- A segunda característica é que, polo menos na nosa Comunidade e supoñemos que pasará o mesmo noutras, hai unha gran flexibilidade tocante ó factor presencialidade. O alumno pode escoller desde a semi-presencialidade na que o contacto presencial entre alumno-profesor é periódico e ríxido na forma colectiva (unha hora á semana) e flexible na forma de titoría individual (ata cinco horas á semana) ata un ensino totalmente a distancia no que os contactos, se os hai, non esixen presencialidade ningunha e pódense realizar por teléfono, por correo, pola radio, etc.

*Destas dúas observacións poderíase deducir que os centros de ensino a distancia non universitaria actuais son, dalgunha maneira, CENTROS DE ENSINO A DISTANCIA PARA ADULTOS.*

Con todo, o alumnado actual do INGABAD é susceptible de se dividir en dous grupos diferentes de adultos. O primeiro grupo integraríanos os alumnos con idade dentro dos límites que a sociedade considera adecuados ou normais para os estudos que están a realizar. No INGABAD de Ferrol, por exemplo, hai unha abondosa matrícula de alumnos desprazados porque están a realizarlo Servicio Militar ou por pertenceren ó Exército sen que estean a realizar aquel. E tamén, non hai que se enganar, de alumnos dos que vulgarmente lles chamamos "rebotados": os que fracasaron nun sistema presencial.

No segundo grupo encontramos casos totalmente diferentes. É o grupo de alumnos que se desmarcan por exceso e considerablemente dos límites "normais" para o nivel educativo no que están.

¿Cal é a diferenza fundamental entre estes dous grupos?. Parécenos que está na maneira de enfrontalo para presencialidade-distancia. Para os alumnos do primeiro grupo a ocupación discente segue a se-la prioritaria, e isto permítelles integrarse no proceso educativo no que están. Cousa que non pasa cos membros do segundo grupo, porque realizan un traballo remunerado ou están condicionados polas obrigas sociais que implica o seren adultos.

Este segundo grupo dos que poderíamos denominar pouco ortodoxamente "os realmente adultos" require ou esixe unha redución importante da presencialidade, sobre todo a colectiva. Non só por imperativos laborais, tamén por factores que van desde os familiares ata os psicolóxicos.

Pero incluso para o primeiro grupo hai factores, coma a xeneralización do uso de sistemas audiovisuais, a facilidade de acceso a sistemas informáticos ou a mesma diversificación de opción nos contidos do ensino secundario, que fan cavilar nunha futura diminución da comunicación presencial alumno-profesor, polo menos na forma colectiva.

A L.O.X.S.E. no título Terceiro formula textualmente que "as persoas adultas poderán cursa-lo bacharelato e a formación profesional específica nos centros docentes ordinarios sempre que teñan a titulación requirida. Non obstante, poderán dispoñer para eses estudos dunha oferta específica e dunha organización adecuada ás súas características.

As administracións competentes ampliarán a oferta pública de educación a distancia co fin de dar unha resposta adecuada á formación permanente das persoas adultas".

Nós cremos que como a demanda social de coñecementos está a aumentar, os traballadores experimentan unha ou dúas reciclaxes na vida laboral e os coñecementos e as destrezas necesarios para tódolos traballos van quedando obsoletos a un ritmo cada vez máis rápido, é imprescindible deseñar planos de educación e de ENSEÑANZAS REGRADAS ESPECÍFICAS PARA ADULTOS. E coidamos que, polo menos para estas ensinanzas regradas, o Ensino a Distancia pode responder ás necesidades dos adultos ofrecendo un sistema de semipresencialidade opcional que amplíe e diversifique a oferta actual e que se adapte metodoloxicamente ás persoas ás que se dirixe.

Coidamos, ademais, que hai unha vontade clara dentro dos docentes que traballan arestora no ensino a distancia de adaptarse a un tipo de ensino para adultos reformado e modernizado no que os medios didácticos han ser fundamentais se son os adecuados e no que están dispostos a asumir un papel motivador e orientador.



## O SISTEMA MODULAR NA EDUCACIÓN FORMAL CON TECNOLOXÍA SEMIPRESENCIAL

*Xosé Manuel Barreiros González*

Durante o curso escolar 92/93 o Centro Público de Educación Permanente de Adultos Radio ECCA está experimentando a implantación dun sistema modular para a obtención do Graduado Escolar.

A implantación do sistema modular implica un cambio radical do sistema curricular actual que pretende poderlles ofrecer ás persoas adultas unha oferta máis acomodada ós sus intereses, necesidades e circunstancias e que, a un tempo responda, por unha parte ó nivel de esixencias sinaladas nas orientacións pedagóxicas para adultos e, por outra parte, teña en conta o novo enfoque que da educación en xeral, e das persoas adultas en particular, se derive da reforma do sistema educativo.

Unha oferta, en suma, máis atractiva e flexible que aspira a romper-la barreira entre educación formal e non formal, que aposta por un ensino modular e flexible por consideralo máis adecuado para a poboación adulta á que vai dirixido e que poida dar resposta educativa ás necesidades dos adultos, segundo reflicte o Libro Branco da Educación de Adultos.

Este novo sistema de estrutura modular lévase a cabo dentro da metodoloxía tradicional de ECCA, que combina, sincronizada e interdependentemente, os tres pilares fundamentais:

1. A audición da clase radiofónica, gravada por profesores especialistas, na que se dá a información básica e fundamental de cada tema con base no esquema correspondente que cada persoa ten para segui-la clase.

2. A utilización do material impreso, imprescindible para segui-la clase, no que os textos están incompletos e vanse completando ó longo das audicións radiofónicas. Desta maneira o/a alumno/a vai elaborando o seu propio libro de texto.

3. Unha reunión de grupo no seu Centro de Orientación, con outros/as alumnos/as e un/unha profesor/a, na que se expoñerán as dificultades e dúbidas que se van atopando; corríxense as follas de exercicios e recóllense as follas de avaliación semanal que figuran nos distintos módulos.

#### **1. Estructura do Curso.**

O novo curso de Graduado Escolar ten unha estrutura modular composta por nove módulos de carácter instrumental, que cobren os obxectivos sinalados para a obtención do título de Graduado Escolar e que compoñen o tronco común esixido polas Orientacións Pedagóxicas. A este conxunto de módulos denominámolo opción básica.

Ademais desta opción hai unha serie de módulos e traballos a través dos que se poden acadar outros obxectivos de formación persoal, social e laboral, polo que se converte nunha oferta flexible e aberta tanto na Educación Formal como na Educación non formal.

Os módulos que constituén a opción básica e os módulos optativos (non obrigatorios) teñen unha duración de entre seis e nove semanas, impartíndose simultaneamente módulos adscritos a dúas áreas, agás o módulo de idioma estranxeiro que se imparte ó longo de todo o curso.

Os distintos módulos están adscritos ás correspondentes áreas que forman o currículo: Lingua Galega, Lingua Española, Idioma Estranxeiro, Matemáticas e Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, posibilitando a cualificación por áreas que permite homologar esta oferta coa lexislación vixente.

Os módulos que compoñen a opción básica nas distintas áreas son os seguintes:

##### **-Área de Lingua Galega:**

###### *\*Módulos básicos:*

- Lingua Galega.
- Letras Galegas.
- Antoloxía de Textos Literarios.

###### *\*Módulos opcionais:*

- Iniciación á Lingua Galega.
- Lectura de Libro.
- Outros traballos.

##### **-Área de Lingua Española:**

###### *\*Módulos básicos:*

- Comunicación escrita.
- Os Libros.

###### *\*Módulos opcionais:*

- Ortografía.
- Palabra e frase.
- Composición escrita.
- Lectura de Libro e realización dun traballo.
- Outros traballos de dificultade equivalente.



**-Área de Matemáticas e Ciencias Naturais:**

*\*Módulos básicos:*

- Corpo humano.
- Xeometría.
- Matemáticas comerciais.
- Traballo obrigatorio a escoller entre varios propostos.

*\*Módulos opcionais:*

- Matemáticas básicas.
- Letras e números.
- Uso de medidas.
- Ecoloxía.

**-Área de Ciencias Sociais:**

*\*Módulos básicos:*

- Ciencias sociais.

**-Área de Idioma estranxeiro:**

*\*Módulos básicos:*

- Inglés.

Deste conxunto de módulos os considerados como básicos teñen carácter obrigatorio e son imprescindibles para obter cualificación global positiva no Graduado Escolar.

Ademais destes módulos ofrécense outros que se integran na educación non formal e que están adscritos ás distintas áreas:

**-Adscritos á Área de Matemáticas e Ciencias Naturais:**

- Saúde I e II.
- Consumo.
- Manipuladores de alimentos.
- Contabilidade.

**-Adscritos á Área de Ciencias Sociais:**

- Animadores de Grupos.
- Animación Sociocultural.
- Escola de País.
- Prevención de Drogodependencia.
- Estimulación Precoz.
- Traballo e Lexislación Laboral.
- Outros Traballos.

**-Adscritos á Área de Idioma Estranxeiro:**

- Inglés I, II e III.

Cada un dos módulos, tanto básicos coma opcionais ou adscritos ás distintas áreas, dispoñen dun manual para o profesor no que se inclúen os obxectivos, instrucións metodolóxicas, claves de resposta ás avaliacións e follas de prácticas, así como os esquemas de clase.

En resumo, resulta unha opción modular enriquecedora con outros cursos

afins ós intereses e realidades do adulto e moito máis achegada á moderna concepción do que debe se-la educación das persoas adultas hoxe en día.

## **2. Obxectivos do curso.**

Con esta proposta curricular preténdese:

### ***-Unha oferta máis acomodada ás persoas adultas:***

- Que teña en conta a economía de tempo e esforzo.
- Aplicable á vida práctica.
- Na que se aproveite a súa experiencia.
- Con referencia ó seu contorno.
- Que propicie non só o coñecemento senón tamén a acción.
- Menos rixida e menos académica.

### ***-Unha oferta máis ampla e variable:***

- Que non se limite ó E.X.B.
- Que inclúa outros cursos tanto de carácter académico como non académico.

### ***-Que contemple os imperativos legais:***

- Os mínimos esixidos pola lei.
- Onde se faga avaliación continua.
- Que responda á recuperación do adulto.

## **3. Avaliación do curso.**

Na realización do proceso avaliador preténdese que a avaliación dos alumnos/as do nivel de Graduado Escolar responda ás seguintes características:

-Avaliar para orientar: avalíase para orientar ó/á alumno/a no proceso de ensinanza-aprendizaxe en aspectos tales como: metodoloxía, recursos, optatividade, obxectivos non acadados, capacidades non logradas, necesidades educativas especiais, etc.

-Avaliar para valorar capacidades, non só conductas e rendementos.

-Avaliación continua que se realiza de modo continuado e sistemático, semanalmente, e coa realización de probas e traballos que completan a observación semanal.

-Avaliación individualizadora en función dos intereses e capacidades do/a alumno/a.

-Avaliación para cualifica-lo/a alumno/a.

Os elementos que garanten este proceso avaliador son:

-Contacto presencial semanal.

A observación sistemática, neste proceso de ensinanza-aprendizaxe, posibilita a aclaración de dúbidas, a resolución de dificultades, a orientación, a participación e debate, a realización de actividades complementarias e a recuperación e/ou reforzo dos obxectivos non acadados ou de capacidades non logradas.

-Diferentes instrumentos de avaliación:

Follas de avaliación semanal, traballos persoais que poñen de manifesto o logro das capacidades pretendidas e unha avaliación final de cada módulo.

Todo isto permite que a avaliación sexa continua e individualizada, realizándose este proceso a través do rexistro das observacións obtidas polo profesor na orientación semanal, na realización de actividades e tamén mediante a corrección da folla de avaliación semanal.

O rexistro do conxunto destas sistemáticas observacións permítelle ó profesor dispor ó remate de cada módulo, dunha opción de cada persoa para poder cualificala. Existe ademais a avaliación final de cada módulo, que permite verifica-las opinións que ten de cada alumno/a, contrastando estas hipóteses cos resultados da proba final.

Para obter cualificación positiva en cada área cómpre obter un mínimo de puntos e aproba-los módulos obrigatorios. Non obstante, a obtención destas puntuacións mínimas nos módulos obrigatorios non é suficiente para obte-lo aprobado de área. Neste caso o resto da puntuación pódese obter de :

-Módulos non obrigatorios.

-Cursos de educación non formal adscritos a cada área que completen os obxectivos de formación persoal, social, laboral, etc..

-Traballos realizados con suficiente rigor e propostos para cada área.

Todo isto baremado proporcionalmente á puntuación asignada a cada área.

#### **4. Recuperación**

As persoas adultas que cursen o nivel de Graduado Escolar teñen posibilidades de recuperar módulos e/ou áreas suspendidas nas convocatorias de Xuño ou Setembro.

##### **-Avaliación de recuperación de Xuño:**

Esta avaliación realízana as persoas que non acadaron as puntuacións mínimas nos módulos obrigatorios adscritos a cada área ou as que non acadaron a puntuación mínima para obte-lo aprobado de área.

##### **-Avaliación de recuperación de Setembro:**

Para as persoas que no acadaron as puntuacións mínimas nas probas de Xuño, teñen que realida-las avaliacións correspondentes ó módulo ou módulos de cada área, ou outros módulos ou traballos que completen a puntuación mínima esixida para obte-lo aprobado de área.

En suma, e a modo de reflexión de tódolas consideracións que fixemos da implantación do sistema modular, pensamos que:

Este sistema organizativo posibilita:

- a. unha maior flexibilidade na avaliación das capacidades das persoas.
- b. unha maior opcionalidade á hora de completa-la formación.
- c. un recoñecemento da formación non formal.
- d. unha maior participación da persoa no seu proceso formativo.
- e. centrarse mellor nas áreas ó simultanear menos.

Os principais inconvenientes poden ser:

- a. non se consegue a flexibilidade total ó existir uns módulos obrigatorios.
- b. a elección está limitada pola oferta que teña o centro.

c. a elección polos módulos pode estar mediatizada polo peso da puntuación e non tanto polo seu valor formativo.

d. o sistema de módulos compartimenta o saber e dificulta a interdisciplinidade.

#### APÉNDICE:

Algúns exemplos de contidos de módulos, tanto da opción básica (obrigatorios) como optativos, quedan recollidos no apéndice que se engade.

##### -Área de Ciencias naturais.

###### A Ecoloxía:

- 1.- Introducción.
- 2.- O Ecosistema.
- 3.- O Biotopo.
- 4.- Prerigos que ameazan a reserva alimenticia.
- 5.- Repasando.
- 6.- Os produtores.
- 7.- ¿Como é un produtor?.
- 8.- Os produtores acomódanse ó medio.
- 9.- Relación entre o Clima e os produtores.
- 10.- Repasando.
- 11.- Os produtores conquistan a Terra firme.
- 12.- A nutrición vexetal.
- 13.- Dous procesos fundamentais na nutrición.
- 14.- A reprodución das plantas con flores.
- 15.- Repasando.
- 16.- Os Consumidores.
- 17.- Os consumidores conquistan o planeta.
- 18.- Os primeiros animais.
- 19.- A loita pola independencia da auga.
- 20.- Repasando.
- 21.- Os reis da Auga: Os peixes.
- 22.- Os vertebrados conquistan o aire: As aves.
- 23.- Os Soberanos do planeta: Os mamíferos.
- 24.- Polo que comen coñecerédelos.
- 25.- Repasando.
- 26.- Os descompoñedores.
- 27.- ¿Como son os descompoñedores?.
- 28.- Un sistema que se autoorganiza: O ecosistema.
- 29.- As relacións no ecosistema.
- 30.- Repasando.
- 31.- O home e a natureza.

- 32.- A contaminación.
- 33.- ¿É necesario un cambio?.
- 34.- Na busca dunha sociedade estable.
- 35.- Repasando.

**-Área de Lingua e Literatura**

***A Palabra e a Frase:***

- 1.- A linguaxe e a comunicación.
- 2.- Palabras variables e invariables.
- 3.- O nome substantivo. Clases de nomes.
- 4.- O xénero e o número dos substantivos.
- 5.- O adxectivo. Graos.
- 6.- Os determinantes: Demostrativos, posesivos e numerais.
- 7.- Os determinantes: Indefinidos, interrogativos e exclamativos.
- 8.- O pronome. Clases: persoal, relativo, demostrativo, posesivo, interrogativo, exclamativo, indefinido e numeral.
- 9.- O verbo: a raíz e as terminacións.
- 10.- A persoa e o número.
- 11.- O tempo verbal: formas simples e compostas.
- 12.- Os modos. Outras formas.
- 13.- Os verbos irregulares.
- 14.- Os auxiliares. Os defectivos e impersoais.
- 15.- O adverbio. Clases.
- 16.- Os nexos.
- 17.- A oración. Elementos.
- 18.- O suxeito. Núcleo e complementos.
- 19.- O predicado. Núcleo e complementos.
- 20.- Complementos do núcleo de predicado.
- 21.- Unha dobre clasificación. Clasificación pola actitude.
- 22.- Oración transitiva e intransitiva.
- 23.- A oración reflexiva.
- 24.- Oración recíproca.
- 25.- Oración copulativa.
- 26.- Oración pasiva.
- 27.- Oración impersoal.
- 28.- Morfoloxía e uso da linguaxe.
- 29.- Sintaxes e uso da linguaxe.

***Composición escrita:***

- 1.- A linguaxe: comunicación oral e escrita.
- 2.- Concepto de saber escribir: a forma e o fondo.
- 3.- Fins de saber escribir: defender, convencer, informar, emocionar, etc.
- 4.- Estructura dos esquemas.
- 5.- Os impresos: bancarios, do Estado, de Correos.

- 6.- As cartas: requisitos e estrutura.
- 7.- Carta postal e telegramas.
- 8.- Notas e Avisos.
- 9.- A narración: momentos e partes, elementos; os personaxes, o narrador.
- 10.- A orde: orde cronolóxica.
- 11.- A arte de contar: detalles e explicacións, diálogos e descricións.
- 12.- A descrición: pasos. Tipos: plano xeral, detallado.
- 13.- Descrición de obxectos: primeiro plano.
- 14.- As imaxes sensoriais: os sentidos e a súa importancia.
- 15.- O retrato: trazos físicos e de carácter.
- 16.- A predisposición.
- 17.- O resume: Técnica para resumir.

#### **Xeografía e Historia de Galicia:**

##### ***Xeografía:***

- 1.- Características da Terra: Atmósfera. Litosfera. Hidrosfera.
- 2.- Características do relevo e hidrografía galegos.
- 3.- Os mapas: liñas imaxinarias. Latitude e lonxitude. Localización dun punto no mapa. Os fusos horarios e a hora solar. Interpretación de mapas.
- 4.- Situación de Galicia nas coordenadas xeográficas.
- 5.- Tempo e clima. Clases de clima. Clima e vexetación. Representacións gráficas
- 6.- Situación de Galicia nas zonas climáticas. Os climas de Galicia.
- 7.- Conceptos económicos. Sectores económicos. Balanza comercial e balanza de pagos.
- 8.- Xeografía económica de Galicia. Demografía galega.

##### ***Historia:***

- 1.- Prehistoria.
- 2.- A cultura castrexa.
- 3.- A cultura romana. Roma en Galicia.
- 4.- O feudalismo. Galicia nesa época.
- 5.- O camiño de Santiago.
- 6.- A vida dos campesiños a fins da Idade Media.
- 7.- Os Irmandiños.
- 8.- Os Reis Católicos. A súa influencia en Galicia.
- 9.- Os Grandes Descubrimentos.
- 10.- Os nosos cultivos.
- 11.- Antigo Réxime: economía, poboación, historia política.
- 12.- Galicia no século XVIII.
- 13.- A Revolución Francesa.
- 14.- O século XIX: economía, sociedade, historia política.
- 15.- A gran emigración galega.

- 16.- Nacionalismo. Rexurdimento.
- 17.- O século XX: economía, sociedade, historia política.
- 18.- A Constitución Española. A organización do Estado.
- 19.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 20.- Problemas actuais de Galicia.

**-Área de Ciencias da Natureza.**

**O Corpo humano:**

- 1.- Introducción.
- 2.- Dunha célula a 50 billóns en 9 meses.
- 3.- A herdanza xenética.
- 4.- Funcións do corpo humano.
- 5.- O aparello dixestivo: Os alimentos.
- 6.- O aparello respiratorio.
- 7.- O aparello circulatorio.
- 8.- O aparello excretor.
- 9.- O metabolismo.
- 10.- A dieta alimenticia: unha dieta equilibrada.
- 11.- As funcións de relación: a vista, o oído, o olfato, o gusto e o tacto.
- 12.- O esqueleto e os músculos.
- 13.- O sistema nervioso.
- 14.- A construción da realidade; durmir e soñar.
- 15.- A reprodución humana; os órganos sexuais, o proceso da concepción.
- 16.- A menstruación. O coidado do aparello reproductor.

**-Lingua Galega:**

- 1.- Falar galego, ¿para que?.
- 2.- Sistema vocálico.
- 3.- Sistema consonántico.
- 4.- Sintaxe: nocións básicas.
- 5.- O verbo.
- 6.- Verbos ser-estar.
- 7.- O artigo.
- 8.- Nome e adxectivo: xénero e número. Casos especiais.
- 9.- A comparación.
- 10.- Os posesivos.
- 11.- Os numerais.
- 12.- Sinónimos e antónimos.
- 13.- O acento: nocións básicas.
- 14.- O acento: o til diacrítico.
- 15.- O pronome persoal.
- 16.- Os demostrativos.
- 17.- Os indefinidos.
- 18.- Outros pronomes.

- 19.- O verbo regular.
- 20.- A alternancia vocálica.
- 21.- Os verbos irregulares.
- 22.- O infinitivo conxugado.
- 23.- Participios.
- 24.- As perífrases verbais.
- 25.- Adverbios e locucións adverbiais.

**Letras Galegas**

- 1.- A descrición.
- 2.- O retrato.
- 3.- A narración.
- 4.- O ensaio.
- 5.- A lírica.
- 6.- O teatro.
- 7.- Literatura popular.
- 8.- Idade media.
- 9.- Os Séculos Escuros.
- 10.- O Rexurdimento.
- 11.- Rosalía de Castro.
- 12.- Os seguidores.
- 13.- O século XX.
- 14.- Literatura de posguerra.
- 15.- Literatura actual.
- 16.- Cine. Teatro. Canción.
- 17.- Medios de comunicación. A publicidade
- 18.- O mundo editorial galego.
- 19.- Día das Letras Galegas.

**BIBLIOGRAFÍA:**

- Libro Branco da Educación de Adultos.
- Publicacións da Dirección Xeral de Educación Básica (MEC). Vida Escolar 1984.
- Libro Branco para a Reforma.
- Boletín Cuatrimestral de ECCA, Radio y Educación de Adultos, nº 21, Setembro-Dicembro/92.



# EDUCACIÓN DE ADULTOS E INSERCIÓN LABORAL

*Beatriz Cabaleiro Val*

Universidade de Santiago de Compostela

## 1. INTRODUCCIÓN

O mundo actual, caracterizado por un movemento económico e tecnolóxico continuo, está condicionado por unha gran flexibilidade en tódolos sectores e especialmente no mundo do mercado de traballo, e isto implica cambios importantes tanto en volume coma nos tipos de emprego dispoñibles.

Estes cambios xeran arreo tensións nos sistemas formativos; a Educación Primaria e Secundaria, as Ensinanzas Técnico-Profesionais e a Formación Ocupacional Non Formal son guías de importancia primordial para conseguir unha bolsa de traballo máis flexible, porque estas tres modalidades de formación:

- Teñen unha incidencia directa nas actitudes, aptitudes, habelencias e destrezas tanto intelectuais como motrices da potencial poboación a ocupar.

- Contribúen á mobilidade ocupacional (tanto física coma funcional) e á capacidade para lles facer fronte ás novas traxectorias de desenvolvemento profesional.

As rixideces no Sistema Educactivo, e na aplicación dos presupostos para a formación, en moitos casos son obstáculos para o cambio, máis fortes cás mesmas barreiras para o acceso ó mundo do emprego. Tocante a isto prodúcese unha contradicción forte entre a flexibilidade que se esixe para competir no mercado de traballo e maila estabilidade que desexa o suxeito que procura emprego.

Unha combinación adecuada das ensinanzas teóricas e prácticas, unha preparación de cara a un futuro profesional (cunha evolución tan rápida que desaconsella as ensinanzas excesivamente especializadas), a oferta intensiva de formación ós segmentos de poboación que traballan na fronteira do cambio tecnolóxico, a promoción de accións de reciclaxe para evita-la redución da vida activa, deberían ser, en definitiva, accións permanentes para potenciar unha poboación activa adaptada a unha sociedade en cambio continuo.

## 2. ELEMENTOS CLAVE PARA A INSERCIÓN PROFESIONAL

Se adoptamos de punto de partida o desenvolvemento integrado e completo dun proceso de formación que debe cumprir-las características que seguen:

**\*Información previa:** que lle sirva de guía ó suxeito con vistas a unha profesión ou a unha formación determinada.

**\*Formación:** un proxecto formativo eficientemente planificado.

**\*Orientación:** simultaneidade, coa formación de sesións de asesoramento en orientación laboral.

**\*Inserción laboral:** a eficaz inmersión e adaptación a un posto de traballo.

**\*Seguimento:** o contacto personalizado en momentos preestablecidos cos participantes nos procesos formativos, polo que se poda medi-la validez deles.

DAQUELA, teremos que considera-os tres elementos clave nun proceso de inserción profesional e laboral:

1.- O "axente" da inserción.

2.- O "continxente" da inserción.

3.- O Mercado de Traballo: medio físico e social no que se desenvolve o proceso.

1.- O "axente" da Inserción.

Por causa da gran proliferación de estudos e pescudas nese eido, pode ser que arestora topemos cunha gran cantidade de conceptos que nos inducen a confusión e a miúdo a non nos comunicar con propiedade. Conceptos coma: oficio, profesión, ocupación, emprego, curriculum vitae/oculto, perfil laboral/profesional, esquema profesional... non teñen máis ca un mesmo factor en común que os fai nalgunha medida tanxibles. Este é "**Perfil Profesional**" entendido como: *todo o conxunto de características e itinerarios que globalmente definen a un suxeito en relación coa súa inserción laboral (formación académica e itinerarios ocupacional, habilidades, intereses, experiencias, afeccións, actitudes, posibilidades persoais e contextuais,...)*. Sería, xa que logo, o factor clave para a análise de necesidades, a preparación-adaptación e control do desempeño.

Son cinco os compoñentes principais para defini-los itinerarios que configuran o perfil profesional dos suxeitos:

**A) Formación académica:** segundo as etapas formativas establecidas oficialmente (Ministerio de Educación ou, coma no caso de Galicia, desde a Consellería de Educación), coas titulacións conseguidas, pero tendo en conta tamén as repeticións, abandonos e reingresos.

**B) Formación complementaria** (*Cursos en xeral ou formación ocupacional específica*): establecidos por outras institucións dedicadas á formación por fóra do sistema educativo regrado, e que a realizan as persoas simultaneamente (co traballo ou cos estudos) ou posteriormente á súa formación regrada e/ou obrigatoria.

**C) Experiencia Laboral:** simultaneando traballo e formación ou despois da formación inicial. Nalgúns casos o traballo pode estar ou non estar relacionado directamente coa formación que recibiu o suxeito, e por iso a súa valoración ha ser diferente.

**D) Experiencia vital:** as diversas características que cualifican ós aspectos formais (asociacionismo, participación social..) nas que se adquiren habelencias para o traballo en equipo, discusión, adopción de decisións, saber estar, desenvolverse dentro das Administracións, deseño de proxectos e liderato, entre outras.

**E) Consumo cultural:** uso e consumo de actividades culturais ou afeccións paralelas á formación, que actúan difusamente ou no sentido da formación continuada.

## **2.- O "continxente" da inserción.**

Neste caso referímonos á oferta de emprego, que presentará unha serie de características:

**A) Imprevisión:** descoñecemento cun mínimo de antelación (a medio ou longo termo) das demandas de emprego que virán de parte dos empregadores. Implica o descoñecemento da cantidade e da calidade das profesións dun futuro e non tanto inmediato, unha tendencia que segundo ela o sistema educativo débese concertar nos aspectos máis estratéxicos da formación, e deixa-los máis conxunturais para as axencias de formación por fóra del, coma por exemplo as iniciativas de formación ocupacional.

**B) A non correspondencia das titulacións:** a miúdo, nas ofertas de emprego solicítanse perfís de persoas cunha titulación determinada que na maior parte dos casos non se axustan ós requirimentos técnicos do posto de traballo.

**C) A necesidade de dispoñer de certos factores:** os factores idade, sexo, estado civil, servizo militar (no caso dos homes) e maila situación persoal que se esixen nunha parte grande das ofertas de emprego, son difícilmente reunibles todos no mesmo suxeito. Aínda cumprindo co resto das esixencias, coma por exemplo: formación académica e complementaria e disposición do suxeito a se incorporar ó mundo laboral, ha facer falta que os mesmos empregadores definan claramente o perfil do posto solicitado indicando, ademais das funcións, formación e responsabilidade do posto, as características e os trazos persoais que terá que te-la persoa que o ocupe.

Unha combinación adecuada das ensinanzas teóricas e prácticas, unha preparación de cara a un futuro profesional (cunha evolución tan rápida que desaconsella as ensinanzas excesivamente especializadas), a oferta intensiva de formación ós segmentos de poboación que traballan na fronteira do cambio tecnolóxico, a promoción de accións de reciclaxe para evita-la redución da vida activa, deberían ser, en definitiva, accións permanentes para potenciar unha poboación activa adaptada a unha sociedade en cambio continuo.

## 2. ELEMENTOS CLAVE PARA A INSERCIÓN PROFESIONAL

Se adoptamos de punto de partida o desenvolvemento integrado e completo dun proceso de formación que debe cumprir-las características que seguen:

\***Información previa:** que lle sirva de guía ó suxeito con vistas a unha profesión ou a unha formación determinada.

\***Formación:** un proxecto formativo eficientemente planificado.

\***Orientación:** simultaneidade, coa formación de sesións de asesoramento en orientación laboral.

\***Inserción laboral:** a eficaz inmersión e adaptación a un posto de traballo.

\***Seguimento:** o contacto personalizado en momentos preestablecidos cos participantes nos procesos formativos, polo que se poda medi-la validez deles.

DAQUELA, teremos que considera-os tres elementos clave nun proceso de inserción profesional e laboral:

1.- O "axente" da inserción.

2.- O "continxente" da inserción.

3.- O Mercado de Traballo: medio físico e social no que se desenvolve o proceso.

**1.- O "axente" da Inserción.**

Por causa da gran proliferación de estudos e pescudas nese eido, pode ser que arestora topemos cunha gran cantidade de conceptos que nos inducen a confusión e a miúdo a non nos comunicar con propiedade. Conceptos coma: oficio, profesión, ocupación, emprego, currículum vitae/oculto, perfil laboral/profesional, esquema profesional... non teñen máis ca un mesmo factor en común que os fai nalgunha medida tanxibles. Este é "**Perfil Profesional**" entendido como: *todo o conxunto de características e itinerarios que globalmente definen a un suxeito en relación coa súa inserción laboral (formación académica e itinerarios ocupacional, habilidades, intereses, experiencias, afeccións, actitudes, posibilidades persoais e contextuais,...)*. Sería, xa que logo, o factor clave para a análise de necesidades, a preparación-adaptación e control do desempeño.

Son cinco os compoñentes principais para defini-los itinerarios que configuran o perfil profesional dos suxeitos:

**A) Formación académica:** segundo as etapas formativas establecidas oficialmente (Ministerio de Educación ou, coma no caso de Galicia, desde a Consellería de Educación), coas titulacións conseguidas, pero tendo en conta tamén as repeticións, abandonos e reingresos.

**B) Formación complementaria** (*Cursos en xeral ou formación ocupacional específica*): establecidos por outras institucións dedicadas á formación por fóra do sistema educativo regrado, e que a realizan as persoas simultaneamente (co traballo ou cos estudos) ou posteriormente á súa formación regrada e/ou obrigatoria.

**C) Experiencia Laboral:** simultaneando traballo e formación ou despois da formación inicial. Nalgúns casos o traballo pode estar ou non estar relacionado directamente coa formación que recibiu o suxeito, e por iso a súa valoración ha ser diferente.

**D) Experiencia vital:** as diversas características que cualifican ós aspectos formais (asociacionismo, participación social..) nas que se adquiren habelencias para o traballo en equipo, discusión, adopción de decisións, saber estar, desenvolverse dentro das Administracións, deseño de proxectos e liderato, entre outras.

**E) Consumo cultural:** uso e consumo de actividades culturais ou afeccións paralelas á formación, que actúan difusamente ou no sentido da formación continuada.

## **2.- O "continxente" da inserción.**

Neste caso referímonos á oferta de emprego, que presentará unha serie de características:

**A) Imprevisión:** descoñecemento cun mínimo de antelación (a medio ou longo termo) das demandas de emprego que virán de parte dos empregadores. Implica o descoñecemento da cantidade e da calidade das profesións dun futuro e non tanto inmediato, unha tendencia que segundo ela o sistema educativo débese concertar nos aspectos máis estratéxicos da formación, e deixa-los máis conxunturais para as axencias de formación por fóra del, coma por exemplo as iniciativas de formación ocupacional.

**B) A non correspondencia das titulacións:** a miúdo, nas ofertas de emprego solicítanse perfís de persoas cunha titulación determinada que na maior parte dos casos non se axustan ós requirimentos técnicos do posto de traballo.

**C) A necesidade de dispoñer de certos factores:** os factores idade, sexo, estado civil, servizo militar (no caso dos homes) e maila situación persoal que se esixen nunha parte grande das ofertas de emprego, son difícilmente reunibles todos no mesmo suxeito. Aínda cumprindo co resto das esixencias, coma por exemplo: formación académica e complementaria e disposición do suxeito a se incorporar ó mundo laboral, ha facer falta que os mesmos empregadores definan claramente o perfil do posto solicitado indicando, ademais das funcións, formación e responsabilidade do posto, as características e os trazos persoais que terá que te-la persoa que o ocupe.

**D) A insuficiencia da capacidade técnica:** Nas décadas 60/70 o prioritario eran os coñecemento técnicos sobre o traballo a desempeñar. Arestora, e de aquí para adiante, o máis importante para ingresar no mercado laboral ha se-la capacidade do suxeito para estrapola-las súas habelencias, coñecementos, autonomía e independencia para desempeñar funcións coma o traballo en equipo, a inmersión na cultura corporativa da empresa ou institución, as mudanzas tecnolóxicas...

### **3.- O mercado de traballo.**

O mercado de traballo como terceiro elemento clave en todo proceso de inmersión laboral enténdese coma o ámbito de interrelación de produtos e de servizos, referidos estes precisamente ó traballo que aportan as persoas que ingresan nel (potenciais humanos con experiencias persoais, realidades e contextos que os fan exclusivos e diferenciados).

Tocante a isto, hai que reflecti-la importancia de ter en conta a análise e a avaliación que realizan os responsables do desenvolvemento socio-económico do país sobre o diagnóstico, adopción de decisións, establecemento de liñas directrices e planos estratéxicos. Pero a atención débese concertar no contorno próximo, mediante o estudo do mercado de traballo contextualizado para coñecelo a fondo e poder intervir con planos puntuais que dean resposta ás necesidades cotiás.

Recoller, diagnosticar e clasifica-los datos en espacio/tempo e actividades ha se-lo *primeiro avance*. E aportar unha visión de prospección dos sectores da produción e mercado comarcal, o *segundo avance*. Trasladar isto a información práctica, inmediata e útil para o axente da inserción será, daquela, o *terceiro avance*.

Para definir estes trazos haberá que ter en conta tres dimensións que condicionan directamente as flutuacións do mercado de traballo:

#### **A) A pegada da Novas Tecnoloxías**

Aínda que é moi difícil de clarificar e definir:

-As relacións laborais e a división do traballo poden experimentar un incremento ou un decrecemento de cualificación pola mesma innovación de carácter tecnolóxico.

-A media de estudos dun país ou dunha área económica inflúe directamente na cualificación dos postos de traballo.

-A prioridade do factor "capacidade de adaptación" a unha relación eficaz e eficiente dunha variedade de funcións en cambio continuo. Ante as que a profesionalidade é un feito colectivo respecto ás persoas que traballan xuntas, está a favorecer unha mudanza no concepto de "cualificación" dando paso ó de "nova profesionalización".

#### **B) A prolongación e complexidade do proceso de inserción**

Por causa da extensión no tempo da escolaridade, a xente nova (traballadores potenciais) tende a demora-la entrada no mundo laboral, con

todo o que implica de rixidez e adaptación á mudanza na medida en que se accede con máis anos. A complexa rede de situacións: rapaces que estudian e traballan, emprego temporal e a tempo parcial, traballo en precario, a aparición da filosofía do "ser parado", fai que o proceso aínda sexa máis traballoso.

**C) *Mobilidade física na vida laboral***

Está establecido (a través de moitos estudos) que a media anda entre 4 ou 5 veces de cambio de posto de traballo durante a vida do suxeito.

**D) *A magnitude do mercado laboral***

Non só nos podemos referir ó traballo por conta allea (asalariado), porque cada vez se incrementa máis a esfera do traballo por conta propia (autónomo), por medio da autoocupación, a creación de empresas no traballo asociado; isto levou a utilizar na linguaxe técnica o concepto de "Economía Social", referíndose desta maneira ás axencias empresariais (xeradoras, en moitos casos, de emprego) orixinadas a miúdo de parte de traballadores con experiencia de emprego asalariado, ou dos mesmos participantes en proxectos formativos, con iniciativa propia para crealas.

### **3. PRINCIPAIS FACTORES DE EMPREGABILIDADE**

**A) *Experiencia profesional***, como requisito imprescindible nunha parte grande das ofertas de emprego para acceder a un posto de traballo.

**B) *Capacidade de adaptación ó posto de traballo*** con todo o que supón:

B.1 Flexibilidade na dispoñibilidade.

B.2 Polivalencia de Funcións.

B.3 Factores fisiolóxicos e psicolóxicos.

B.4 Disposición para o traballo en equipo, e en contraposición, autonomía e independencia para o traballo individual cando a funcionalidade do posto requira iso.

B.5 Iniciativa e creatividade para afronta-la resolución de problemas inmediatos e imprevistos.

**C) *Definición clara dun inventario persoal***, que implica:

**C.1 *Autodefinición das posibilidades***.

C.1.1 Formación axeitada ó obxectivo de ocupación laboral do suxeito.

C.1.2 Características tanto físicas coma psicolóxicas do suxeito axustadas ás características do posto.

**C.2 *Autodefinición de intereses persoais***:

C.2.1 Análise obxectiva das condicións da posible oferta de emprego, sen que constitúan unha barreira.

C.2.2 Prioridade de emprego ante requirements do posto de traballo (salario, nivel de emprego, xornada laboral, lugar, funcións a desempeñar).

D) Profesionalizar -facer activo- o período de transición formación-emprego, explotación máxima das habilidades e dos recursos persoais para a procura activa de emprego (sobre todo en suxeitos de primeiro emprego).

E) Coñecemento a fondo da situación socio-económica e empresarial da zona na que se desenvolve o suxeito, que implica unha reflexiva concienciación da posibilidade ou non de atopar un posto de traballo nela.

#### 4. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E INSERCIÓN LABORAL DE FONDO FORMACIÓN-FERROL: UNHA EXPERIENCIA.

Este departamento, creado como tal en Outubro de 1991, atende dúas Áreas Básicas de Servicio:

##### 1. No ámbito da orientación

O traballo realizado nesta área céntrase fundamentalmente en celebrar sesións informativas sobre *Técnicas para Procurar Emprego*, que se desenvolven en tódolos cursos realizados no Centro que Fondo Formación ten en Ferrol (Centro de Novas Tecnoloxías) tanto nos do INEN coma nos de F.S.E. ou de calquera outra institución ou empresa que lle encargue ó centro cubri-las súas necesidades de formación mediante a planificación á medida do proxectos formativos.

As sesións realízanse aproximadamente no intermedio de cada un dos cursos e duran máis ou menos 90 minutos. Nelas séguese o seguinte esquema de traballo:

1. Liñas básicas de procura e autoprocure de traballo.

1.1 Procura activa de traballo.

1.2 Procura pasiva de traballo.

2. Exercicio práctico de elaboración de *Currículum Vitae* e de *Solicitud de Traballo*, mediante unha práctica de simulación que consiste en responder a unha Oferta de Traballo real publicada na prensa. O C.V. elaborase seguindo un modelo adaptado ás características dos participantes e entrégaselles ós profesores respectivos antes de que remate o curso; así, pasa a incluírse na *Bolsa de Traballo* que ten este Departamento.

3. Pautas básicas para superar unha entrevista de Selección de Persoal.

4. Estudos de ofertas de traballo aparecidas na prensa autonómica e na estatal.

##### 2. No ámbito da inserción.

O labor fundamental no ámbito deste servicio é atende-la maior cantidade de ofertas posible de canles de conexión co mercado de traballo; téñense establecido as que se mencionan a seguir:

1. Visita a empresas, e alí realízase unha *presentación* do traballo que se realiza no Centro e do mesmo Departamento de Orientación e Inserción Laboral e máis unha *prospección de necesidades* de posibles postos de



traballo a demandar pola empresa para lles dar *cobertura* coas persoas incluídas na Bolsa de Traballo formadas polas distintas especialidades de Formación que se imparten no Centro.

2. Remesa a empresas dos distintos sectores laborais de *expediente informativos* de cada *curso* que inclúen:

- \*Presentación do Servicio de Inserción Laboral.

- \*Programa do curso.

- \*Lista de alumnos que realizaron o curso.

- \*Informe-memoria sobre o curso.

- \*Información complementaria sobre outras actividades realizadas no Centro.

3. Atención a ofertas de emprego (por vía telefónica ou por fax) *de empresas* coas que xa se colaborou, ben por este tema ou pola realización para elas de proxectos formativos. Este labor realízase, na maioría dos casos, mediante unha procura a fondo da fonte de contacto demandante do posto de traballo, porque na maior parte dos casos o único dato de razón social dispoñible é o apartado de correos.

4. Cobertura das ofertas de emprego publicadas na *prensa* por medio dunha *análise diaria* tanto da prensa de ámbito autonómico coma da estatal.

5. Atención a ofertas de emprego recibidas por outras fontes.

6 **Seguimento personalizado** de tódolos participantes en cursos de formación mediante:

6.1 A recepción da que se lle entrega ó participante o día derradeiro do curso. Este deberaa remitir ó Centro desque transcorran tres meses desde o remate do período de formación.

6.2 O Seguimento Personalizado de tódolos participantes en cursos por medio de contacto telefónico ou persoal.

Por medio destas dúas tarefas obtense unha información a fondo das traxectorias, tanto formativas coma laborais actuais, de tódolos alumnos/as que recibiron formación no noso centro. Isto axuda para coñecer sempre qué sectores profesionais teñen máis incidencia no mundo laboral e qué índices de empregabilidade se lles poden atribuir ós proxectos formativos realizados. Por riba, aporta tamén as pautas para modificar, ou non, os principios básicos de planificación deles. Ademais, esta información constitúe un apoio importante para a actualización continua e permanente da nosa bolsa de traballo.